 - Reforzo Educativo sen Apoio:** son medidas que o propio profesor diseña e aplica con aqueles alumnos que teñen dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación...) neste caso, hai que destacar o beneficio de metodoloxías como traballo cooperativo, matemáticas manipulativas, aprendizaxe por proxectos... e aplicación das distintas técnicas nas que fomos formados en anteriores cursos. Tamén podemos incluír aquí, medidas como a adaptación de tempos, espazos, recursos e materiais.
 - Reforzo Educativo con apoio do profesorado ordinario:** Esta medida contempla o apoio do profesorado do centro, con dispoñibilidade horaria, nas áreas instrumentais. É unha medida que se pon en funcionamento ao comezo de cada curso escolar. No horario do profesorado contéplase este tipo de apoio que se levará acabo preferentemente polo profesorado do mesmo nivel/ciclo. Para que esta medida teña éxito, é primordial a coordinación entre o mestre titor e o mestre de apoio, onde ademais deberán contemplar, segundo a necesidade do alumnado, o intercambio de roles.
- Extraordinarias:
 - Apoio do mestre especializado:** son medidas que contemplan un apoio dun profesor especialista en pedagogía terapéutica e /ou audición e linguaxe. Esta medida pode ser temporal ou ao longo da escolarización dun alumno/a.

Para que se leve a cabo, seguiranse os criterios establecidos neste plan, e será necesario que así o determine o informe psicopedagógico derivado da avaliación psicopedagóxica do alumno/a que será realizada polo Departamento de Orientación.

O **procedemento** para a demanda de intervención do DO, previa detección das dificultades polo titor/a logo da avaliación inicial é o seguinte:

1. O/A titor/a informa o/a director/a da necesidade de realización da avaliación psicopedagóxica para un alumno/a.
 2. Cubre a solicitude (segundo modelo dos protocolos e entrega no DO).
 3. Entrevista do/a Xefe/a do DO co titor/a para completar información.
 4. Entrevista coa familia para explicarlle a situación e demandar o seu permiso para a realización da avaliación psicopedagóxica
 5. Revisión da documentación existente no centro sobre o/a alumno/a.
 6. Realización da avaliación propiamente dita.
 7. Elaboración do Informe Psicopedagógico.
 8. Información sobre os resultados da avaliación o/a titor/a e a familia e autorización para a adopción das medidas propostas.
 9. Apertura da ficha de alumnado con necesidades educativas para incorporar o expediente
- **Adaptación curricular:** Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 8 de setembro de 2021. Necesita autorización da Inspección Educativa, por ser unha medida extraordinaria de atención á diversidade.
 - **Agrupamentos flexibles:** É unha medida extraordinaria (con carácter temporal) de apoio para o alumnado con dificultades de carácter esencial, polo que será necesario a autorización da Inspección Educativa, segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, esta medida só pode levarse a cabo en 5º e 6º de Educación Primaria e levarase a cabo, prioritariamente, nas áreas de LCL, LGL e MT sen superar os 13 períodos lectivos da xornada semanal. O número máximo de alumnado en cada agrupamento será de 8.
 - **Flexibilización da duración do período de escolarización:** O alumnado con NEE ou Altas capacidades intelectuais poderá ser obxecto de medidas de flexibilización do período de escolarización nas diferentes etapas de ensino. Será necesaria a autorización da Dirección Xeral e, será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas curriculares e organizativas previas. Seguirase o procedemento establecido na Orde do 8 de setembro de 2021.

- **Atención ao alumnado procedente do estranxeiro:** Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, contaremos coas 2 medidas extraordinarias para dar resposta ás necesidades deste alumnado que debe autorizar a Inspección Educativa:
- Grupo de adquisición de linguas: En 6º de Educación Infantil serán 5 períodos lectivos semanais, en 1º e 2º de Educación Primaria serán 10 períodos lectivos semanais e nos restantes cursos da etapa serán 20 períodos semanais.
En tódolos casos, a duración máxima desta medida será de trimestre, aínda que excepcionalmente, Inspección podería ampliar este período.
- Grupo de adaptación da competencia curricular: se debe acreditar un desfase curricular de dous ou máis cursos e atinxe só ás áreas de LCL, LGL e MT. Non se poden exceder os 8 períodos lectivos semanais e poderá extenderse a medida ao longo de todo o curso.

Así mesmo, seguiranse os procedementos establecidos pola Orde do 8 de setembro de 2021 para atender ao alumnado que non pode asistir de maneira continuada ao centro e para atender ao alumnado pertencente ás familias itinerantes.

CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO

En canto aos **criterios de utilización dos servizos de apoio**, tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, a orientadora establecerá a proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe e, de ser o caso, outros profesionais específicos, e coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de apoio. Teranse en conta os seguintes criterios por orde de prioridade:

- *Alumnado con NEAE permanentes* (problemas de audición e linguaxe graves, trastornos motóricos, trastornos da personalidade, con discapacidade intelectual, sobredotación,...).
- *Alumnado con NEAE transitorias:*
 - ✓ Por ter retraso de aprendizaxe (desaxuste dun nivel ou máis respecto do grupo):
 - ✓ Por vir doutro sistema educativo. Alumnado estranxeiro
 - ✓ Por pertencer a grupo social desfavorecido
 - ✓ Por ter estado enfermo
 - ✓ Por pertencer a un grupo-clase de especial dificultade
 - ✓ Por absentismo escolar.

A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso (pola incorporación de alumnado con dificultades, pola necesidade de mellorar a atención,...).

Sempre que sexa posible o alumnado con NEAE será atendido nos apoios polo profesorado especialista en PT e AL, cando non sexa así, farao o profesorado con dispoñibilidade horaria.

Procedemento de organización e asignación de apoios:

Avaliación Inicial. Realizada polo profesorado titor en colaboración co profesorado de PT/AL durante os primeiros días de curso ou pola orientadora, se é o caso (deberase solicitar avaliación psicopedagóxica naqueles casos que así o requiran).

Valoración de resultados. Despois da mesma realizarase a proposta de alumnado que precisa medidas educativas e determinación do tipo de apoio (intervención especializada e non especializada) de acordo co desfase curricular detectado:

- ***Apoios especializados.*** Orientados ao alumnado que amose maiores dificultades na aprendizaxe ou/e que presente maior desfase na súa competencia curricular respecto do resto da clase, serán asignados unha vez analizados os informes da avaliación psicopedagóxica e inicial. Serán realizados polo profesorado de PT/AL, os horarios correspondentes serán elaborados pola xefatura de estudos tendo en conta a proposta da orientadora.
- ***Apoios non especializados.*** Orientados ao alumnado que presenta menor desfase na súa competencia curricular respecto do resto da clase.

O número de sesións e duración estableceranse segundo a necesidade e logo da proposta da orientadora xunto coa xefatura de estudos.

Asignación dos apoios non especializados. Farase unha asignación de recursos docentes para esa tarefa considerando os seguintes criterios:

- Asignar os apoios segundo os criterios de priorización e tendo en conta os recursos humanos e temporais.
- Posibilitar as medidas de atención de tipo curricular e de tipo organizativo (grupo de adquisición das linguas, grupos de adaptación da competencia curricular) que sexan precisas para a atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Dar atención ao maior nº de alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Empregar os recursos de apoio preferentemente no mesmo nivel ou no máis próximo, tendo en conta as horas non cubertas con docencia directa e as especialidades do profesorado que realiza os apoios.
- Conceder o maior nº de horas de apoio a alumnado de niveis máis baixos ou a aulas de especial dificultade

para previr dificultades académicas posteriores, permitindo a inclusión na clase e nas mellores condicións.

- Compatibilizar na medida do posible o horario do grupo-clase co horario de apoio, o profesorado titor elaborará o horario de aula tendo en conta os apoios.

O traballo a desenvolver nos apoios non especializados será programado polo profesorado titor en colaboración co profesorado que faga o apoio.

Avaliación do desenvolvemento dos apoios

A avaliación faraa a xefa de estudos en colaboración co profesorado que intervén nos apoios, a orientadora e o profesorado titor. Como mínimo farase unha reunión trimestral para facer o seguimento.

Na etapa de **Educación Infantil**, só se levarán a cabo apoios fóra de aula en casos moi excepcionais e debidamente xustificadas. Os apoios deberán ser, por norma xeral, dentro da aula.

15.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Constitución do Departamento de Orientación	Setembro
Organización dos apoios do profesorado de PT e AL: tipo de apoio, número de sesións...	Setembro/ Outubro
Reunión semanal coas especialistas de PT e AL	Todo o curso
Reunión coas especialistas de AL e PT das EEI adscritas	Todo o curso
Reunión coa Orientadora do IES, os responsables de Servizos Sociais do Concello e diferentes especialistas que interveñan cos alumnos	Todo o curso
Coordinacións cos titores	Todo o curso
Coordinación cos servizos externos ao centro: gabinetes, pediatras, UDIAF....	Todo o curso
Adquisición de material e equipamento específico para o Departamento	Todo o curso
Elaboración dos diferentes protocolos a empregar no DO: entrevistas co alumnado, as familias, o profesorado; autorizacións dos pais para avaliación psicopedagóxica, reforzos, ACS e flexibilizacións do período de escolarización...	Setembro/Outubro
Revisión do Plan Xeral de Atención á Diversidade	Setembro/Outubro
Asesoramento nos apoios	Todo o curso

Redacción do PAADO	Setembro/Outubro
Revisión e elaboración do POE	Todo o curso
Revisión do PAT	Setembro/ Outubro
Colaboración na tramitación das becas de axuda a ACNEAE e elaboración de informes adxuntos	Setembro
Asesoramento e colaboración na avaliación inicial do alumnado	Setembro/Outubro
Asistencia ás avaliacións, análise dos resultados acadados e medidas a adoptar	Unha vez ao trimestre.
Orientación sobre modos de actuación para o alumnado de novo ingreso e os que cambian de centro e etapa.	1º trimestre
Datos DRDADI	1º trimestre
Valoración e integración do alumnado procedente do estranxeiro e doutras CCAA.	Todo o curso
Realización de avaliacións psicopedagóxicas, organización dos apoios e intervención con ACNEAE	Todo o curso
Seguimento psicopedagóxico individual do alumnado	Todo o curso
Programación de actividades destinadas á adquisición do hábito lector e mellora da comprensión e eficacia lectoras.	Todo o curso
Programación de actividades destinadas a habilidades socio-emocionais.	Todo o curso
Elaboración de diferentes trípticos informativos e orientados a facilitar o asesoramento ás familias en relación a diferentes temas de interese: Estimulación na linguaxe; técnicas de estudo; estratexias para a mellora da conduta....	Todo o curso
Revisión e actualización do PE	Todo o curso
Atención ás familias do alumnado	Todo o curso
Fomentar a colaboración das familias co profesorado-titor e o DO e implicalos nas actividades de apoio e orientación dos seus fillos/as	Todo o curso
Participación nas iniciativas que se demanden dende a ANPA	Todo o curso
Asesorar aos titores/as sobre a avaliación individualizada de 3º curso e Final de Etapa.	3º trimestre
Orientación ao alumnado de 6º EP na súa transición á ESO	3º trimestre
Revisión de modelos de informe de fin de ciclo (EI), etapa e tutoría.	3º trimestre

Valorar o nivel de atención a todo o alumnado do centro.	Todo o curso
Asesoramento ao equipo directivo en todo o relacionado coa planificación e desenvolvemento da acción docente.	Todo o curso
Demanda da intervención do EOE nos casos que se estime necesario	Todo o curso
Elaboración de informes escolares para pediatras, especialistas do SERGAS, trámites para certificado de discapacidade...	Todo o curso
Avaliación das medidas adoptadas de atención á diversidade	3º trimestre
Avaliación do PAADO e do Plan de Acción Titorial	3º trimestre
Elaboración do Informe Final de Etapa dos ACNEAEs	3º trimestre
Elaboración da memoria do DO	3º trimestre
Datos DRDORIENTA	3º trimestre

A **coordinación** entre o profesorado titor e os especialistas en AL e PT levaranse a cabo os martes de 18:15 a 19:15 horas.

Cabe destacar que o Departamento de Orientación do noso centro ten adscritas as Escolas Infantís de Guillán e Bamio, polo que a Xefatura do Departamento tamén destinará horario á atención das mesmas. Este curso, debido á presenza de alumnado NEE en ámbalas dúas, a Xefatura do DO acudirá os mércores de 12:45 a 14:00, alternando por semanas a EEI de Bamio e a EEI de Guillán.

16. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a de benestar e convivencia	Nivel/Especialidade
Inés Seoane Rodríguez	PT
Nome equipo dinamización de benestar e convivencia	Nivel/Especialidade
Esther Torrado Cuervo	Directora
Betsaida Vidal Moraña	PT
Lúa Branca Díaz Pérez	Xefa do DO
Ana Fidalgo Vila	Titora
María Jesús García Vázquez	Titora
María Lamela García	Titora

Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Atender aos aspectos sociais e emocionais do alumnado			
Acción 1	Empregar diversas metodoloxías que favorezan a inclusión e atendan á diversidade do alumnado		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Utilizar diferentes metodoloxías participativas como mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe, baseadas principalmente no diálogo e na comunicación, onde o alumnado poida compartir os sentimentos e as súas emocións.		
Responsables	Todo o profesorado		
Recursos e materiais	Dinámicas de grupo e de traballo cooperativo		
Acción 2	Favorecer un clima de confianza e seguridade		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
	Indicador	Proveer ao alumnado de estratexias dialóxicas e de resolución de conflitos	
	Responsables	Todo o profesorado	
Recursos e materiais	Actividades que favorezan o desenvolvemento das competencias sociais e comunicativas.		
Acción 3	Programa de Habilidades Sociais		
	Temporalización		
1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒	
Indicador	Asertividade, resolución pacífica de conflitos e traballo colaborativo en pequeno e gran grupo.		
Responsables	Departamento de Orientación e Equipo de Benestar e Convivencia		
Recursos e materiais	Diversas actividades.		
Acción 4	Programa de Educación Emocional		
	Temporalización		
1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒	
Indicador	Dotar ao alumnado de ferramentas de xestión emocional		
Responsables	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia e Equipo de		

	Educación Responsable
Recursos e materiais	Diversas actividades encamiñadas ao recoñecemento e manexo de emocións, autoconhecimento, autoestima e relación interpersoais. Taller de Yoga (impartido por profesional externo)

Obxectivo: Promover actividades entre o alumnado que os preparen para o exercicio activo dunha cidadanía responsable.			
Acción 1	Posta en práctica de accións que melloran a vida no Concello		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Recollida do lixo na praia “covacha” dos discentes.		
Responsables	Equipo de benestar e convivencia en colaboración co Equipo de Voz Natura		
Recursos e materiais	Unha bolsa de lixo por cada parella e un par de guantes		
Acción 2	Posta en práctica de accións que melloran a vida do centro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Utilización do composteiro do centro para aprender a reciclar. Utilización dos puntos de reciclaxe do colexio		
Responsables	Equipo de benestar e convivencia en colaboración co Equipo de Voz Natura.		
Recursos e materiais	Un composteiro.Os colectores de reciclaxe.		
Obxectivo: Promoción da igualdade e a inclusión			
Acción 1	Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Promover os valores de respecto ás diferencias e igualdade no alumnado		
Responsables	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia e Equipo de Igualdade. Titores		
Recursos e materiais	Libros, curtametraxes, charlas...en colaboración con asociacións da contorna e Concello.		
Acción 2	Promover unha igualdade efectiva entre homes e mulleres e previr actitudes que		

	poidan dar lugar a situacións de Violencia de Xénero		
Indicador	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
	Indicador	Actividades que incidan no recoñecemento de distintas situacións de desigualdade e na prevención	
	Responsables	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia, Coordinadora de Igualdade	
Recursos e materiais	Diversas técnicas: o xogo do espello, fichas de sí ou non, role-playing, dramatización...		
Acción 3	Actividades dirixidas a atender á diversidade do alumnado de xeito enriquecedor		
	Temporalización		

1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	
Indicador	Promover dentro da comunidade educativa a pluralidade de intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe.		
Responsables	Departamento de Orientación e Equipo de Benestar e Convivencia		
Recursos e materiais	Diversas actividades en colaboración con asociacións especializadas.		
Acción 4	Identificación, eliminación ou minimización das barreiras que, derivadas de condicións persoais ou sociais do alumnado, poden limitar o seu proceso de participación e aprendizaxe no centro ou na aula		
	Temporalización		

1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	
Indicador	Conmemorar os diferentes días sinalados. - Incluir a totalidade do alumnado nas diferentes actividades do centro. - Coordinarse e comunicarse coas familias e cos axentes externos.		
Responsables	Departamento de Orientación e Equipo de Benestar e Convivencia		
Recursos e materiais	O número de actividades específicas de sensibilización de todo o alumnado e profesorado coa diversidade funcional e coa inclusión		

Obxectivo: Prevención do acoso escolar e o ciberacoso			
Acción 1	Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade sobre condutas que poden ser constitutivas de acoso		
	Temporalización		
1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>	

Indicador	Previr os 3 papeis: acosador, vítima e persoas espectadoras		
Responsables	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia e Titores		
Recursos e materiais	Libros, curtametraxes, charlas...en colaboración con asociacións da contorna		
Acción 2	Informar e concienciar ao alumnado sobre os perigos das TIC.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Dotar ao alumnado de estratexias para protexer a súa identidade dixital e dos organismos que os poden axudar en caso necesario.		
Responsables	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia, Titores, Plan Director, Policía Nacional		
Recursos e materiais	Diversas actividades		
Recursos e materiais	O número de actividades específicas de sensibilización de todo o alumnado e profesorado coa diversidade funcional e coa inclusión		

Obxectivo: Acollida do alumnado			
Acción 1	Xornada de Acollida do Alumnado de Educación Infantil		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Favorecer a toma de contacto do alumnado da Galiña Azul de Carril que ten prevista a incorporación na etapa de Ed. Infantil no noso colexio.		
Responsables	Equipo de ciclo de Educación Infantil e Equipo de Benestar e Convivencia.		
Recursos e materiais	Organización do día de acollida no centro para nenos/as, educadoras/es e familias.		
Acción 2	Acollida de alumnado de nova incorporación e/ou alumnado procedente do estranxeiro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> • Toma de contacto da familia e o alumno co centro • Explicación das normas de organización e funcionamento do centro. • Entrevista co titor/a á maior brevidade para a recollida de información • Dinámicas de grupo, nos primeiros días, que axuden á súa inserción social. 		

Responsables	Departamento de Orientación, Equipo de Benestar e Convivencia e titores/as.
Recursos e materiais	Diversas actividades en colaboración con asociacións da contorna e/ou Servizos Sociais, en caso necesario.

Obxectivo: Implicar ás familias nas actividades do centro			
Acción 1	Fomentar o uso do Abalar Móbil		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Comunicación coas familias continuada a través do Abalar Móbil		
Responsables	Equipo de benestar e convivencia.		
Recursos e materiais	Recursos dixitais.		
Acción 2	Participación nas conmemoracións		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Facilitar a axuda aos discentes nas conmemoracións (magosto, Entroido, samaín...)		
Responsables	Equipo de benestar e convivencia.		
Recursos e materiais	Material funxible.		

17. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE

Obxectivo: Concienciar ao alumnado nun día en concreto sobre a Non Violencia de Xénero			
Acción 1	25N – Semana do 20 ao 24 de novembro		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Celebrar este día coordinada coa área de Igualdade do Concello de Vilagarcía.		
Responsables	Equipo directivo, titores/as e coordinadora do plan de igualdade.		
Recursos e materiais	Material funxible e/ou audiovisual.		
Acción 2	8M – Semana do 4 ao 8 de marzo		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Celebrar este día coordinada coa área de Igualdade do Concello de Vilagarcía.		

Responsables	Equipo directivo, titores/as e coordinadora do plan de igualdade
Recursos e materiais	Material funxible e/ou audiovisual.

A maiores do de todos os anos:

Acción 3	11 de outubro: Día Nacional para saír do Armario		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Celebrar este día coordinada co Equipo de AACCEE para dar visibilidade nos diferentes niveis de Ed. Primaria e Infantil ao colectivo LGTBIQ+, pintamos as vallas do noso centro coas cores do Arco da Vella.		
Responsables	Equipo directivo, AACCEE, titores/as e coordinadora do plan de igualdade.		
Recursos e materiais	Material funxible: pinturas		

18. PLURILINGÜISMO

18.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Teresa Clara Pérez Méndez	2
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
Paula Deiros Felpeto	Música

18.2. CENTROS PLURILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Materias	Lingua estranxeira
1º EP	2	33	Música	Inglés
2º EP	2	29	Música	Inglés
3º EP	2	32	Música	Inglés
4º EP	2	45	Música	Inglés
5º EP	2	35	Música	Inglés
6º EP	2	34	Música	Inglés
5ºEP	2	35	Ed.Plástica e Visual	Inglés
6ºEP	2	34	Ed. Plástica e Visual	Inglés

18.3. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES

Un mecanismo que se utiliza para o seguimento e avaliación do programa Plurilingüe son as coordinacións que se fan ao longo do curso escolar coas mestras implicadas neste proxecto (a coordinadora e mestra de EI, 1º, 2º e 3º nivel; a mestra de inglés de 4º, 5º e 6º nivel e as mestras CLIL que no noso caso é a mestra de Música xunto coas mestras de Ed. Plástica e Visual de 5º e 6º de Primaria.

Outro mecanismo é o documento de seguimento que se envía ao departamento de linguas estranxeiras en marzo. No mes de maio envíase tamén ao mesmo departamento unha avaliación do traballo desenvolvido pola auxiliar de conversa, así coma os resultados do programa plurilingüe.

Finalmente tamén se colabora na memoria final do centro.

18.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Monica Perez	16
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Si
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Si
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Si
Outras tarefas : Preparación de actividades e xogos relacionados coas distintas celebracións (Halloween, Christmas, Peace Day, Easter, etc.)	Si

19. CONTRATOS-PROGRAMA:CPINCLÚE,CPINNOVA.

Liña de actuación: QUEDA-T			
Descrición do programa	A finalidade é a prevención e redución do abandono temperán e do absentismo escolar, a través de medidas específicas tanto pedagóxicas como organizativas.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Implicar ás familias do alumnado na necesidade da colaboración do proceso do ensino e aprendizaxe. -Coordinarse coas institucións e/ou organizacións. -Actuar dende a prevención para evitar o inicio do protocolo de absentismo. -Previr o desencadeamento dun abandono escolar temperá. 		
Cursos implicados	TODOS		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Porcentaxe de redución do número de faltas de asistencia e de puntualidade sen xustificar		
Responsables	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo directivo -Departamento de Orientación 		

	-Tutores e titoras.
Actividades	-Coordinación cos tutores e titoras. -Elaboración dun tríptico informativo. -Reunións e titorías coas familias do centro. -Coordinación cos servizos sociais do Concello.
Liña de actuación: EMOCIONA-T	
Descrición do programa	Deseño de actividades relacionadas coa intelixencia e educación emocional co fin de desenvolver na comunidade educativa o benestar persoal e social.
Obxectivos	-Identificar as distintas emocións. -Desenvolver o proceso lectoescritor a través das emocións. -Expresar as emocións a través da arte. -Fomentar relacións positivas entre a comunidade educativa
Cursos implicados	TODOS
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- Accións encamiñadas á mellora da competencia socioemocional. -Mellora do rendemento académico pola contribución de habilidades emocionais.
Responsables	Equipo de Educación Responsable
Actividades	- Educación Responsable -Banco de Ferramentas -Literatura -Reflexarte
Liña de actuación: INCLÚE-T	
Descrición do programa	Identificación, eliminación ou minimización das barreiras que, derivadas de condicións persoais ou sociais do alumnado, poden limitar o seu proceso de participación e aprendizaxe no centro ou na aula.
Obxectivos	-Conmemorar os diferentes días sinalados. -Incluír a totalidade do alumnado nas diferentes actividades do centro. -Coordinarse e comunicarse coas familias e cos axentes externos.
Cursos implicados	O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN E OS TITORES/AS DE CADA CURSO
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O número de actividades específicas de sensibilización de todo o alumnado e profesorado coa diversidade funcional e coa inclusión.
Responsables	O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
Actividades	As actividades propostas dende o programa partirán das diferentes conmemoracións recollidas na Orde de calendario do 20 de maio de 2022 para o presente curso escolar así como, os días sinalados en relación á atención á diversidade.

Liña de actuación: EDUInnova	
Descrición do programa	Incorporación de metodoloxías activas que sitúen ao alumnado como protagonista da súa aprendizaxe, favorecendo o desenvolvemento máximo das súas capacidades, e que fomenten o traballo interdisciplinar e en equipo.
Obxectivos	-Mellorar as competencias. -Fomentar o razoamento lóxico-matemático e lingüístico -Desenvolver destrezas para a resolución de problemas matemáticos ligados á vida

	cotiá. -Adquirir unha competencia dixital axeitada para desenvolverse na vida cotiá.		
Cursos implicados	1º,2º e 6º de EDUCACIÓN PRIMARIA		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	-Mellora das competencias -Fomenta das competencias lóxica-matemática e lingüística. -Desenvolvemento da competencia dixital.		
Responsables	TITORAS DOS CURSOS IMPLICADOS		
Actividades	Actividades -Práctica do cálculo e resolución de problemas. -Creación de textos escritos atendendo a: vocabulario, ortografía, puntuación, caligrafía... -Realización de actividades na aula virtual. -Resolución de problemas da vida cotiá de forma representativa e xogo: tangram, ruleta, tapóns manipulativos,.. -Utilización de diferentes programas informáticos para o desenvolvemento diario. -Adquisición e afianzamento do proceso lectoescritor.		
Liña de actuación: EDUSaúde			
Descrición do programa	Programa destinado a mellorar os hábitos de vida saudable		
Obxectivos	-Fomentar unha alimentación sa no alumnado creando un contorno escolar que promova a autonomía alimentaria da futura mocidade poñendo en valor os produtos de proximidade. - Promoción de hábitos de vida saudable entre o alumnado. - - Realización de actividades e estratexias nutricionais. - Promoción de aniversarios saudables. - - Promoción dunha autonomía alimentaria e dietas variadas.		
Cursos implicados	EDUCACIÓN PRIMARIA		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Comezar un aprendizaxe de hábitos de vida saudable desde a infancia.		
Responsables	Equipo directivo e titores		
Actividades	-Actividades que melloren a adquisición de hábitos de vida saudables. -Deseño de diferentes actividades para fomentar as dietas variadas. -Actividades que formen parte da súa vida e que os trasladen ata os seus fogares. - Actividades de reforzo das aprendizaxes dunha maneira divertida.		

20. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

- Enumeración dos plans
- Concreción das actividades establecidas en cada plan.
- Temporalización.

Plan/Proxecto: VOZ NATURA	
Descrición do programa	ENCARRILADOS NA FLORA E FAUNA
Obxectivos	- Coñecer e valorar a flora e a fauna máis próxima. - Adecentar o patio do colexio.

	<ul style="list-style-type: none"> - Reciclar. - Reutilizar. - Manter o horto escolar e o acuario. - Continuar dándolle visibilidade ás actividades realizadas a través do instagram do centro educativo co cancelo de #VozNatura. 		
Cursos implicados	Todos		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Mellorar o aspecto exterior do centro e coñecer a flora e a fauna máis próxima.		
Responsables	Lúa Branca Díaz Pérez María Lamela García (Coordinadora) María Rodríguez Rey Teresa Clara Pérez Méndez		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Seguir adecentando o muro interior do colexio. - Seguir coa reciclaxe de tapóns, papel, pilas e material de escritura. - Levar a cabo un concurso con material de refugallo para a decoración do punto de recollida de tapóns, papel, pilas e material de escritura. - Recoller o lixo do patio e da praia máis próxima. - Empregar o composteiro para reciclar residuos orgánicos. - Manter a figura dos “Detectives verdes” para vixiar o que se tira ao composteiro. - Coidar do horto escolar e sacar proveito del. - Coidar o acuario do centro. - Festexar a actividade dos Maios. - Dar a coñecer as actividades a través de instagram á comunidade educativa. - Seguir inculcando nos nenos a idea de “RECICLAR, REDUCIR E REUTILIZAR” 		

Plan/Proxecto: PROA+			
Descrición do programa	Programa para a mellora da calidade educativa para o alumnado de 3º,4º,5º e 6º de Ed. Primaria.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar metodoloxías activas, participativas, cooperativas, apoios na aula e a adopción doutras medidas organizativas. -Fomentar o desenvolvemento emocional, intelectual, social e profesional. - Contribuír á mellora da calidade educativa. 		
Cursos implicados	3º,4º,5º e 6º de Educación Primaria.		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Mellora dos resultados académicos do alumnado vulnerable.		
Responsables	Equipo Directivo e Departamento de Orientación.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Atención directa ao alumnado NEAE. - Apoio ao profesorado encargado destes cursos. -Coordinación co profesorado na elaboración e adaptación dos recursos e materiais necesarios para o ANEAE. - Mellora do rendemento académico do alumnado. 		

21. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.
- Solicitude feita pola entidade rexistrada no centro.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil a nome da entidade organizadora da actividade.
- Certificación no que conste o visto e praxe do Consello Escolar para o uso das instalacións pola entidade que a solicita.
- Horarios dispoñibles: **Horario non lectivo do centro.**
 - Solicitudes xa cursadas: **Ningunha**

22. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- Establecemento de medidas dunha avaliación do funcionamento do centro: resultados académicos, práctica docente, relacións coa comunidades educativa.
- Medidas e recursos para levala a cabo.
- Temporalización.

A avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e do propio labor docente levarase a cabo en base aos criterios establecidos en cada programación de nivel. No mes de xuño pasarase aos membros do claustro, do consello escolar e aos membros da CCP unha enquisa online para valorar diversos aspectos da organización e funcionamento do centro durante todo o curso. Por último, empregarase a memoria final non só como tal, se non como ferramenta de revisión desta PXA e todas as accións e actividades que puideran darse ó longo do curso. Nesta recolleranse propostas de mellora de cara o vindeiro ano académico.